


PEF

Os PEF en concreto



“ALOUMIÑO”. Vigo

Descrición: Aspectos xerais

O Punto de Encontro Familia “Aloumiño” é un espazo de relación que se constitúe como recurso especializado, pertencente á Rede de Puntos de Encontro Familiar de Galicia, para dar resposta aos diversos problemas e formas de conflictividade familiar existentes cando a desestruturación da familia é un feito. Responde á necesidade de preservar a relación entre os menores e os seus proxenitores ou familiares máis achegados, naqueles casos nos que a devandita relación non pode realizarse nun contexto normalizado.

Este servizo, configurado como un servizo público, préstase a través da entidade privada sen ánimo de lucro “Aloumiño” por medio dun convenio de colaboración anual que na actualidade se subscribe coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

“Aloumiño” nace no ano 1999, co obxecto de poñer en marcha na cidade de Vigo o primeiro Punto de Encontro Familiar de Galicia. A partir de aí e percibida a necesidade e a utilidade dos PEF, a Dirección Xeral de Familia impulsou e promocionou a creación da Rede de Puntos de Encontro Familiar nas restantes seis grandes cidades galegas.

Desde a súa creación ata o ano 2002, o PEF encontrábase situado na rúa Uruguai e compartía espazo con outros servizos públicos da cidade. A partir dese ano a Dirección Xeral da Familia mellorou a calidade do servizo dotándoo dun novo local, pertencente á Xunta de Galicia, sito no piso 2º da Travesía de Vigo, n.º 172, cerca dun gran centro comercial e da conexión coa autovía; dedicado de forma exclusiva ao servizo do PEF.

Seguindo o criterio de “normalidade”, a distribución e o mobiliario do PEF “Aloumiño” mestura as características dunha casa de familia e dunha gardería ou ludoteca.

En canto á distribución no piso pódense diferenciar dous tipos de espazos: un destinado aos encontros entre menores e visitantes, composto por 3 salas específicas para realizar visitas, preparadas con mobiliario adaptado ás actividades e xogos por idades, e un distribuidor que polas súas grandes dimensións se utiliza como outra sala de visitas, acondicionado con mobiliario e xogos para a primeira infancia e unha sala de vídeo-televisión; e outro destinado ao labor profesional cun despacho para entrevistas e unha sala de espera multiusos.

Os dous espazos mencionados están ben amoblados e os seus mobles e instalacións resultan adecuados ás funcións de cada un; asegurando a privacidade dos usuarios/as en situacións de non saturación e normalidade.

As instalacións son adecuadas e encóntranse en bo estado de conservación.

Trátase dun macrocentro con dependencias amplas, luminosas e confortables que cumpre as condicións materiais para as que foi creado.

Sen prexuízo do anterior e como “puntos débiles” do PEF podemos sinalar o feito de que se encontre nun 2º piso; as dúas portas de entrada son visibles; ausencia de zonas de espazo de pasatempo ao aire libre; as salas non están insonorizadas; existen dificultades de estacionamento que padecen sobre todo os usuarios/as con varios fillos, con carros de bebés ou discapacitados; non está adaptado para discapacitados e o acceso destes ao centro é dificultoso, carece de cristais antivandálicos.

Persoal e horario de atención ao público

O equipo componse de:

- Dúas psicólogas a tempo completo
- Unha educadora a tempo completo

- Un traballador social a tempo completo
- Unha psicóloga (plano cooperativo).

A partir de abril de 2008, e polas razóns xa indicadas, a dirección de “Aloumiño” viuse obrigada a restrinxir o horario de atención ao público do PEF. O devandito horario é o seguinte: *De 10 a 14 h. e de 16 a 21 h.: de mércores a domingo* (ambos inclusive).

Usuarios: características e datos

Son destinatarios deste servizo:

As familias nas que durante e despois do proceso de separación ou divorcio existe conflito para manter unha relación “adeuada” entre os menores e ambos os proxenitores e coas súas respectivas familias.

Os menores separados dos seus pais biolóxicos, que se encontran baixo tutela pública, con medida de protección de acollemento con familia extensa, allea ou de internamento.

Os fillos de nais residentes en casas de acollida, ao ser necesario manter a confidencialidade do seu enderezo.

Os proxenitores non custodios que presentan circunstancias persoais que fan aconsellable a supervisión e o control dos encontros (maltratadores, enfermos psíquicos, toxicómanos...).

Os usuarios que acoden ao servizo pertencen a todos os estratos sociais, fundamentalmente á media, aínda que os de familias desestruturadas—drogadicción, alcoholismo, enfermidades mentais...—“impresionan” máis en xeral pola súa forma de comportamento.


Segundo datos subministrados pola Asociación “Aloumiño”, dos 117 expedientes recibidos no ano 2007, un 67% foron derivados polos órganos xudiciais —a maior parte dos xulgados de violencia de xénero— e un 33% polo Gabinete de Orientación Familiar (GOF).

Segundo tamén as devanditas fontes non existen diferenzas fundamentais de comportamentos entre os menores derivados ao PEF pola Administración e os derivados polos órganos xudiciais.

No 2007 abríronse 117 expedientes, 11 menos que o ano anterior e atendéronse 155 novos menores, 15 menos que no ano anterior. O devandito descenso vén motivado pola implantación da lista de espera, e choca co incremento progresivo anual, xeneralizado, que se viu dando nos anos anteriores.

É significativa a progresión anual do número de entregas e recollidas realizadas: (4730 no 2004; 6602 no 2005; 7662 no 2006 e 9776 no 2007). Non existindo a devandita progresión respecto ás visitas tuteladas, pois o maior número delas efectuouse no ano 2004 (2264) diminuindo no 2005 (2049) e aínda máis no 2006 (1856) e volvendo a ascender no 2007(2091).


NÚMERO TOTAL DE EXPEDIENTES ABERTOS NOS PEF ALOUMIÑO 1999-2007



FONTE: Asociación Aloumiño

Como se pode ver no gráfico anterior, no ano 2007 o número total de expedientes recibidos nos PEF de Vigo e Pontevedra sufriron un retroceso respecto aos anos anteriores, no PEF Vigo motivado, como dicimos, pola “lista de espera”, xa que pola progresión que levaba ata a súa implantación superaría calquera dos anos anteriores.


NOVOS MENORES ATENDIDOS ANUALMENTE NOS PEF ALOUMIÑO
DENDE 1999 ATA 2007



FONTE: Asociación Aloumiño

Como vemos, de maneira correlativa aos datos achegados no gráfico que fai referencia ao número de expedientes recibidos, o número de menores novos atendidos no 2007 tamén sufriu un considerable descenso.

NÚMERO DE ENTREGAS E RECOLLIDAS REALIZADAS POR ANO.
PEF ALOUMIÑO VIGO E PONTEVEDRA




FONTE: Asociación Aloumiño

Como se pode observar, o número de entregas e recollidas realizadas no PEF de Vigo sufriu un importante ascenso, sendo a súa tendencia desde os inicios, consecuencia tamén do maior

volumen de usuarios/as que atende. No PEF de Pontevedra a progresión é moi inferior, acorde aos casos que soporta.

N.º DE VISITAS TUTELADAS POR ANO. PEF ALOUMIÑO VIGO E PONTEVEDRA



FONTE: Asociación Aloumiño

No PEF de Pontevedra o número de visitas tuteladas mantense en números similares ao anterior, en sintonía cos casos que acolle. Polo contrario, no PEF de Vigo o número de visitas tuteladas sufriu un ascenso respecto do ano anterior, consecuencia do incremento de casos.

Segundo nos informou a Secretaría Xeral da Igualdade está prevista a creación dun novo PEF na cidade de Vigo e que a finalización das obras se leve a cabo no próximo mes de decembro.

Sen prexuízo do anterior temos de sinalar que os problemas específicos que comprobamos son os seguintes:

Saturación e colapso

O problema non é novo, pois arrástrase desde o ano 2001, cando 3 profesionais do centro (un a tempo completo e 2 a media xornada) se vían obrigados a atender en xornadas maratonianas 123 menores e os seus correspondentes proxenitores. Desde esa data a responsable da Asociación

Aloumiño viu chamando a atención ás distintas consellerías competentes sobre os problemas de saturación e colapso, reclamando con pouco éxito o incremento das partidas orzamentarias que permita pagar uns salarios dignos ao persoal e seguir mantendo un amplo horario de atención, así como a creación dun novo PEF.

E é que a progresión anual dos expedientes tramitados no centro foi en aumento e non o fixeron proporcionalmente nin os salarios nin o número de traballadores.

Como se indicou esta progresión viuse producindo ata o ano 2007 no que o número de expedientes recibidos –non a demanda– sufriu un retroceso motivado pola implantación dunha lista de espera á que houbo que recorrer para evitar o desbordamento do servizo. Tanto é así que para controlar a demanda, desde o mes de setembro do 2007 os responsables de Aloumiño se viron obrigados a executar de maneira estrita o protocolo de actuación vixente –chegáronse a atender 14 visitas tuteladas simultáneas e/ou 35 intercambios tamén simultáneos en determinadas franxas horarias–, o que supuxo que a xestión da derivación dos casos pasara a efectuarse case na súa totalidade a través do GOF, a excepción dos casos urxentes enviados polo Xulgado de Violencia e polos xulgados doutros partidos xudiciais, o que implicou instaurar a mencionada lista de espera e poder pautar os horarios das visitas en función da capacidade, superficie dispoñible e horarios do centro.

A pesar da lista de espera, segundo os responsables de Aloumiño, nun día laboral calquera deste ano en curso realízase unha media aproximada de 26 intercambios, 4 visitas tuteladas e 51 chamadas telefónicas; sendo a media, tamén aproximada, os sábados de 37 intercambios, 11 visitas tuteladas e 22 chamadas, e os domingos de 76 intercambios, 8 visitas tuteladas e 35 chamadas.

Sen prexuízo do beneficio que para a calidade do servizo supuxo a instauración dunha lista de espera, o certo é que esta e a burocratización da xestión da derivación dos casos van en detrimento do dereito dos menores de relacionarse cos seus proxenitores e familiares máis achegados —e á recíproca— e da execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos. Execución que agora queda supeditada ao horario do PEF e á lista de espera xestionada polo GOF. É así que é este órgano o que determina en que data e horario se vai cumprir o réxime de visitas, con independencia do que ao respecto establece a resolución xudicial. Prodúcese así o paradoxo e a distorsión de que un órgano administrativo pola vía de feito pode modificar ou facer non cumprir —autos de medidas provisionais de separación conxugal cun prazo de 30 días— unha resolución dun órgano xudicial.

Ante esta grave situación, os xulgados de familia derivan menos asuntos ao PEF; víronse obrigados a reducir as resolucións que establecen un réxime de visitas a cumprir a través do PEF, o que ocasiona o aumento do conflito nas parellas, pois a solución do PEF facía posible acordos amigables nos asuntos contenciosos de separación e divorcio ante a perspectiva dun espazo neutral e imparcial no que se podía levar a cabo o réxime de visitas nos estritos termos establecidos. Por esta mesma lóxica entendemos que tamén poderían ter diminuído os procedementos xudiciais de separacións e divorcios de mutuo acordo nos que se pacta un réxime de visitas a levar a cabo no PEF.

Ha de sinalarse por último que antes de que as derivacións dos casos as xestionase o GOF, estas levábanse a cabo directamente entre os xulgados de familia e o PEF, de tal maneira que vía fax se enviaban as resolucións xudiciais ao servizo e este as cumpría nos seus termos.

En conclusión, pódese afirmar que o servizo padece serios problemas de espazo, de insuficiencia de persoal –agora amortecidos polas listas de espera–, sobre todo en determinadas franxas horarias das fins de semana, pois fórmanse verdadeiras concentracións de usuarios que fan imposible que o reducido número de profesionais, estresados pola situación, poidan atendelos e controlalos cun nivel de calidade e seguridade aceptable; que poidan emitir aos xulgados informes periódicos sobre a evolución do réxime de visitas –fundamental para establecer un plan de visitas progresivo en función da evolución do réxime de visitas, sobre todo cando este foi fixado en auto de medidas provisionais de separación– e en definitiva que poidan cumprir todas e cada un dos obxectivos que un PEF ten encomendados e que fixemos mención neste informe. Así mesmo a saturación e colapso do servizo fai que os usuarios ás veces padezan situacións de tensión e de perda de tranquilidade e intimidade, tan necesarias nos encontros, o cal non é de recibo. Este clima revoltado –prexudicial para persoal usuario e traballador– é paradoxalmente beneficioso para usuarios que non queren que se leven a cabo o réxime de visitas ao que están obrigados. E así, “a río revoltado ganancia de pescadores”, ante o desbordado persoal do servizo conseguen en ocasións a suspensión do seu réxime de visitas no servizo, “rebentándoo”, facendo caso omiso ás indicacións del para que cumpran coas normas de funcionamento do centro (incumprindo as pautas horarias, atentando contra a privacidade dos usuarios, faltando ao respecto e insultando ao persoal traballador e usuario, proferindo gritos...).

■ Consignación orzamentaria

Para o mantemento dos PEF “Aloumiño” de Vigo e Pontevedra para o ano 2008 a Secretaría Xeral da Igualdade consignou a cantidade de 138 424,50 euros, que aínda non per-

mite aboar uns salarios dignos aos traballadores –a pesar de que aumentaron nun 40% aproximadamente– en función da intensidade do traballo que desempeñan nin a aplicación do estipulado no Convenio I Marco de Intervención e Acción Social.

■ Coordinación

Non existe coordinación institucionalizada cos órganos xudiciais (xulgados de familia, Xulgado de Violencia de Xénero e xulgado de garda) da cidade de Vigo, malia que a fluída interrelación entre o PEF e os dous xulgados de familia posibilitó chegar a solucións que permiten que os profesionais do centro non se vexan obrigados a asistir como tales a xuízos; que as resolucións xudiciais se notifiquen de oficio ao PEF e que os problemas que se presentan no facer diario se poidan resolver, sen burocratizalos, de maneira rápida e efectiva.

Sen embargo e por razóns que descoñecemos, este bo entendemento non existe entre o PEF e o Xulgado de Violencia de Xénero, de tal maneira que as súas resolucións non se notifican de oficio ao PEF, prexudicando a actuación e a planificación deste.

En canto ás forzas e corpos de seguridade, temos de indicar que é inexistente a interrelación e a coordinación co PEF, o que repercute na seguridade do centro e dos que o utilizan e traballan nel. Estas carencias e a falta de coñecemento dos funcionarios policiais das funcións do PEF, fan que, segundo os responsables do servizo, o tempo medio de espera á policía nacional cando demandan a súa presenza sexa de entre 30 e 40 minutos, o que consideran excesivo cando se ten que levar a cabo unha intervención de urxencia e tamén que os devanditos funcionarios cando acoden ao centro non o fan vestidos de paisano nin en vehículos camuflados, senón con uniforme e vehículo oficial, o cal axuda a crear un

clima de desasosiego e intranquilidade impropio dun Punto de Encontro.

A coordinación e relación co GOF e cos equipos técnicos da Delegación Provincial é mellorable; sendo mínima co sistema de protección da muller.

■ Seguridade

A falta de protocolos de actuación coas forzas de seguridade; a ausencia de relación e coordinación con estas; o descoñecemento xeneralizado dos funcionarios policiais sobre a existencia e funcións do PEF, así como a carencia de todo tipo de dispositivo de seguridade no centro –salvo o máis aparente que efectivo sistema de alarma–, fai que sexan os propios traballadores do centro os garantes a seguridade seguindo unhas pautas de funcionamento, redactadas pola Federación Galega de Puntos de Encontro Familiar, pola que se rexen todos os PEF de Galicia.

É evidente que o mecanismo normativo mencionado é insuficiente para obrigar ao seu cumprimento e para facer fronte aos incumprimentos deste por parte dos usuarios/as e aos episodios de violencia que se poidan xerar nun “punto quente” como o son os PEF, sobre todo o de Vigo.

■ Coa Administración autonómica

A Administración autonómica limítase a soste o centro economicamente, deixando ata agora o seu funcionamento ao libre albedrío da asociación que o xestiona. De aí que en xeral a asociación xestora teña a percepción de estar desasistidos e non protexidos por parte da Delegación Provincial de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ante denuncias, demandas laborais e queixas que consideran inxustas de usuarios/as e/ou traballadores do centro.

Este “libre funcionamento” supón tamén a falta de mecanismos de control e supervisión da actividade e dirección diaria do PEF por parte da Administración autonómica.

Cos veciños do inmoble

O estar instalado nun inmoble de veciños ocasiona un variado número de problemas cunha comunidade que se sente invadida pola trasfega de persoas que utilizan os servizos comúns e polos conatos e incidentes conflictivos que periodicamente se poden producir.

A resposta comunitaria veu sendo hostil ante a irrupción de pais, nais e nenos e materializouse en cerrar con chave a porta do edificio, o que impide que se poida abrir desde o PEF; bloquear o ascensor; chamar o guindastre municipal por estacionamento en dobre fila cando existe maior afluencia de usuarios; increpalos polo uso do ascensor.

Todos os problemas indicados e as súas posibles solucións – incremento da consignación orzamentaria para pagar maiores salarios dos traballadores e para aumentar con dous traballadores fixos o equipo do centro; creación dun novo PEF na cidade de Vigo; interrelación e coordinación cos órganos xudiciais, forzas policiais, GOF e equipos técnicos...– foron postos en coñecemento, con escaso éxito, pola dirección de Aloumiño ás sucesivas concellerías competentes.

A iso debemos engadir que, sen solucións como as mentadas, as perspectivas non son boas ante o incremento da demanda que se vén producindo, de forma especial polo afloramento da violencia de xénero como fenómeno social.

“ALOUMIÑO”. Pontevedra

Descrición e aspectos xerais

Ao igual que o PEF de Vigo, o de Pontevedra é xestionado pola Asociación “Aloumiño”, que subscribiu o mesmo convenio de colaboración para os dous PEF coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

O PEF de Pontevedra creouse no ano 2000 nun local da rúa Serra. Desde o ano 2006 sitúase nun local, propiedade da Xunta de Galicia, da rúa Gutiérrez Mellado, n.º 1-2º que reúne mellores condicións que o anterior. En realidade trátase de dous locais, aínda que só se utiliza un deles, pois o outro non é operativo por falta de condicións materiais, sobre todo por carencia de calefacción.

É un local que se asemella a unha vivenda normalizada, duns 100 m², sito na zona céntrica, peonil, próximo a un parque público e con dependencias confortables, cálidas e luminosas. Consta dun recibidor, un despacho comunicado co corredor de acceso ás dúas salas de visita, a través do que se accede a unha sala de espera; unha sala exterior grande para visitas e xogos, que normalmente acolle varias familias que realizan visitas tuteladas, unha sala exterior pequena para visitas; unha sala de espera; un único W.C. que comparten os usuarios e traballadores do centro e unha sala anexa, con porta independente ao centro, que só é posible utilizar para almacén.

As instalacións e mobiliarios son adecuados e encóntrase en bo estado de conservación.

Sen prexuízo do anterior temos de sinalar os seguintes aspectos negativos: situación nun 2º piso; difícil acceso para discapacitados en cadeiras de rodas e bebés en carros por non caberen estes no estreito ascensor do inmobile; non adaptado para discapacitados; problemas de sonoridade das salas que afectan

á intimidade e confidencialidade dos encontros e entrevistas; ausencia de persianas que preserven da calor, máxime tendo en conta que por seguridade en xeral as ventás permanecen pechadas, o que repercute sobre todo nas visitas tuteladas (algunhas de 4 horas); unha soa porta de entrada e non dúas invisibles; os cristais de ventás e portas non son antivandálicos.

Persoal e horario de atención ao público

O equipo do PEF componse de:

- Dúas psicólogas a tempo completo
- Un psicólogo (plano cooperativo).

O horario de atención ao público é: De 10 a 14 h. e de 16 a 21h. .

Usuarios/as: características e datos

Son destinatarios deste servizo:

As familias nas que durante e despois do proceso de separación ou divorcio existe conflito para manter unha relación “adeuada” entre os menores e ambos os proxenitores e coas súas respectivas familias.

Os menores separados dos seus pais biolóxicos, que se encontran baixo tutela pública, con medida de protección de acollemento con familia extensa, allea ou de internamento.

Os fillos de nais residentes en casas de acollida, ao ser necesario manter a confidencialidade do seu enderezo.

Os proxenitores non custodios que presentan circunstancias persoais que fan aconsellable a supervisión e o control dos encontros (maltratadores, enfermos psíquicos, toxicómanos...).

Os usuarios que acoden ao servizo pertencen a todos os estratos sociais, fundamentalmente á media, aínda que os de familias des-

estructuradas –drogadicción, alcoholismo, enfermidades mentais...– “impresionan” máis en xeral pola súa forma de comportamento.

Segundo “Aloumiño”, no ano 2007, dos 39 novos expedientes recibidos, un 85% procedía dos órganos xudiciais e un 15% do GOF.

Tamén segundo a devandita fonte, no 2007 recibíronse 39 expedientes novos, 10 menos que no ano anterior, atendéndose 62 menores novos, 16 menos que o ano anterior.

O número de entregas e recollidas efectuadas no ano 2007 foi aumentado de forma moderada desde os seus inicios: 248 no 2001; 773 no 2002; 1295 no 2003; 1693 no 2004; 1619 no 2005; 2043 no 2006 e 2091 no 2007.

O número de visitas tuteladas celebradas no ano 2007 (578) é similar ao do 2003 (536) e 2006 (570) e inferiores ao do 2002 (940), 2004 (954) e 2005 (819).

Problemas específicos detectados

No fundamental tamén o PEF de Pontevedra presenta problemas no referente a: escasas partidas orzamentarias; precaria situación laboral dos traballadores/as; redución horaria da xornada laboral e os seus motivos; ausencia de coordinación institucionalizada con órganos xudiciais, forzas de seguridade, GOF e equipos técnicos e sistema de protección á muller; falta de seguridade no centro; falta de supervisión e control oficial do funcionamento cotián do recurso que se financia.

Ha de sinalarse que na actualidade non existen problemas de saturación e colapso e que por iso as derivacións dos expedientes se fan directamente desde os órganos xudiciais e o GOF, non se detectan problemas fundamentais de espazo no servizo, máxime podendo habilitar, de ser o caso, o segundo local non operativo na actualidade, non sendo necesaria a creación dun segundo PEF. Así mesmo ha de indicarse que non existen problemas coa veciñanza e que os brotes de violencia son inusuais

e puntuais e que maioritariamente son producidos por proxenitores con problemas psiquiátricos.

“PUNTO CERO”. Ourense

Descrición: aspectos xerais

O lugar neutral Punto de Encontro Familiar “Punto Cero” é un servizo especializado que se sitúa nun piso da cidade de Ourense, concretamente na Avda. de Portugal, n.º 109-2º A; próximo a lugares de ocio, a un parque e a aparcadoiros; cunha gran explanada xunto ao portal. Está xestionado por unha asociación sen ánimo de lucro que lle da nome.

Dispón de máis de 150 m² útiles que se reparten da seguinte maneira: unha entrada, un amplo corredor, 2 cuartos de baño, 4 salas de xogos, unha cociña con varios usos e un despacho. Ha de sinalarse que o centro conta con vídeo, televisión e equipo de música.

Trátase dun piso con aspecto de vivenda familia, cálido, luminoso, con espazos que permiten o control directo das visitas. As súas instalacións presentan un bo estado de conservación, ao igual que o seu mobiliario que é adecuado para o servizo que se realiza.

Como aspectos negativos sinalamos o que se sitúe nun 2º piso; a falta de seguridade das súas ventás e cristais; fácil e perigoso acceso á terraza por medio dunha ventá e porta que se pechan cun simple pasador; inexistencia de 2 portas de acceso non visibles.

Segundo a directora de “Punto Cero”, grazas ás subvencións conseguidas pola asociación proximamente vaise instalar un sistema de alarma de incendios e adaptar para discapacitados o cuarto de baño.

Persoal e horario de atención.

Os profesionais que atenden o PEF son:

- Dúas licenciadas en Dereito e tituladas en Mediación Familiar.

- Dúas psicólogas.
- Dous traballadores sociais, titulados en Mediación e Orientación Familiar.
- Unha psicóloga titulada en Mediación Familiar.

O único persoal que ten dedicación exclusiva é un traballador social e unha psicóloga.

O horario de atención é: martes e mércores (16,30-20,30h.) y xoves, venres, sábado e domingo (10,30h. a 13,30h. e de 16,30 a 20,30h)

Usuarios: características e datos


Como no resto dos PEF a tipoloxía de usuarios que predomina son os afectados pola violencia de xénero, que adoita coincidir con outras (alcoholismo, falta de habilidades, drogas...).

Segundo a asociación “Punto Cero”, ao longo do ano 2007 o número de expedientes novos recibidos foi de 47, lixeiramente superior ao ano precedente. Deses 47 expedientes, un 75% procede dos xulgados –a gran maioría do Xulgado de Violencia de Xénero–, un 11% do GOF, e un 14% do Servizo de Menores.

Tamén segundo a mencionada asociación, o número de persoas atendidas no ano 2007 foi de 384 (263 adultos e 121 menores). Así mesmo o número de visitas tuteladas nese ano foi de 209 e de intercambios de 2433.

DEMANDAS RECIBIDAS E ATENDIDAS NO ANO 2007

| | Recibidas | Atendidas |
|----------|-----------|-----------|
| Xaneiro | 7 | 57 |
| Febreiro | 3 | 64 |
| Marzo | 4 | 68 |
| Abril | 4 | 65 |
| Maio | 3 | 68 |
| Xuño | 4 | 59 |
| Xullo | 5 | 63 |
| Agosto | 4 | 62 |
| Setembro | 3 | 70 |
| Outubro | 2 | 55 |
| Novembro | 4 | 59 |
| Decembro | 3 | 64 |



PROCEDENCIA DOS/AS MENORES QUE SE ATENDERON NO ANO 2007

| | |
|--------------------|----|
| Ourense | 72 |
| Resto da Provincia | 22 |

INTERVENCIÓNS NA TOTALIDADE DE ASUNTOS ATENDIDOS NO ANO 2007

| Intervención | Número |
|-------------------------------|--------|
| Visitas Tuteladas | 209 |
| Intercambios | 2433 |
| Entrevistas iniciais | 52 |
| Asesoramentos | 171 |
| Negociacións | 225 |
| Intervencións complementarias | 974 |

Problemas específicos detectados

O aumento das partidas orzamentarias –que no ano 2006 supuxo un aumento de máis do 40% na retribución dos traballadores–, a maior prontitude na sinatura do convenio, e o comezo máis puntual do cobro do salario, son datos a destacar e a contrapesar á hora de sinalar os problemas que pasamos a expoñer.

Os problemas de escasas partidas orzamentarias –para o ano 2008 a cantidade de 53 227,41 euros–, precaria situación laboral dos traballadores; falta de seguridade no centro; falta de supervisión e control oficial do funcionamento cotiá do recurso que se financia, son similares no fundamental aos que teñen os PEF Aloumiño de Vigo e Pontevedra. Por iso e para evitar repeticións remitímonos as aliñas correspondentes deste informe.

A situación do servizo nunha comunidade de veciños/as provoca ás veces problemas con esta polos ruídos que causa a trasfega dos intercambios e visitas tuteladas durante as fins de semana (os sábados de 10 a 11,30 h. e os domingos de 19 h. a 21 h.).

Segundo a Memoria do 2007, unha das reclamacións máis urxentes que teñen é a de precisar o tempo de duración da súa intervención para evitar que os casos se cronifiquen no PEF e non se normalicen, impedindo con iso que se ocupen espazos que poderían ser cubertos por persoas que o necesitan en maior medida.

Existe interrelación e coordinación cos xulgados derivantes; sendo salientable a relación fluída que se mantén co Xulgado de Violencia de Xénero e co Xulgado Decano e cos seus respectivos titulares. Froito diso é a sinatura do “Protocolo de colaboración do PEF de Ourense cos Xulgados 2008” co fin de coordinar e interrelacionar as actuacións de ambas as partes.

Para tales fines, o protocolo establece os datos que deben de conter as resolucións xudiciais nas que se estableza a derivación; onde se deben enviar por fax as resolucións xudiciais para o inicio da intervención; envío ao xulgado, e non ás partes, de informes periódicos, que non peritaxes, sobre a evolución das visitas e de calquera tipo de incidente; conveniencia de que os profesionais do PEF acudan ao xulgado o mínimo indispensable; comunicación ao xulgado da finalización da intervención do servizo, ben por se ter producido a normalización do réxime de visitas ben por infracción grave das normas do PEF.

É obvio que contemplamos con satisfacción a elaboración do citado protocolo, pois a súa necesidade vense reiterando ao longo deste informe e porque abre o camiño da colaboración institucional entre os axentes implicados.

Son tamén boas e fluídas as relacións do servizo coas forzas e corpos de seguridade, co GOF, coa Delegación Provincial, sendo conveniente a elaboración de cadanseus protocolos de colaboración.

As coordinacións mencionadas fan que se poida cumprir de forma correcta e efectiva o proceso de derivación dos casos (xulgados, GOF, PEF).

Non podemos deixar de destacar a iniciativa e o esforzo realizados polo equipo do PEF para, través dun DVD, dar a coñecer aos profesionais implicados o servizo, os seus obxectivos e funcionamento; para editar unha revista “Puntos de Encontro: Unha boa solución” e para conseguir todo tipo de subvencións para a mellora do recurso.

En conclusión, podemos afirmar que a motivación do persoal, as boas condicións materiais do centro; a súa boa organización; a coordinación cos axentes implicados e o pouco volume de traballo en relación co número de persoal, fan no seu conxunto que se poida prestar unha intervención de calidade no PEF de Ourense.

“ACHEGANZA”. Lugo

Descrición: aspectos xerais

O PEF está xestionado pola Asociación “Acheganza” que vén asinando convenios anuais de colaboración coa Xunta de Galicia para tales fins. O recurso especializado sitúase desde o ano 2000 nunha parte do baixo dunha casa, sita na céntrica Travesía San Marcos s/n.

O devandito inmovible –propiedade da Xunta de Galicia– é utilizado tamén polo Centro de Información e Atención á Muller (no 1º) e polo Servizo para Familias Monoparentais (na outra parte do baixo).

Trátase dun local pequeno que comparte cuarto de baño, non adaptado para discapacitados, co Servizo para Familias Monoparentais; próximo a un parque infantil e á parada de bus urbano.

A deterioración do local do PEF maniféstase exteriormente nas ostensibles manchas de humidade; na falta de pintura –non se pintan as paredes desde hai 8 anos, salvo unha parede dunha habitación co fin de ocultar unhas grandes humidades–; no forte cheiro a gasóleo –por non cerrar hermeticamente o depósito do gasóleo que se encontra no local e que serve a todo o inmovible–, que se agudiza cando se enche o tanque (“case non se pode respirar”) e no penetrante cheiro a humidade.

O feito de que o PEF comparta o inmovible no que se ubica con outros servizos; que teña que utilizar de forma compartida o W.C.; a deterioración do propio local e as súas consecuencias para usuarios/as e traballadores/as, fai que entendamos que non é adecuado para prestar o servizo que lle foi encomendado e que polo tanto sería necesario ou ben o acondicionamento do actual e o seu funcionamento autónomo doutros servizos, o ben a creación dun novo local.

Persoal e horario de atención ao público

O equipo profesional está composto por 4 psicólogas (a tempo parcial).


O horario é o de 10 h. a 14 h. e de 16 h. a 20 h. os mércores, venres, sábados e domingos. De forma provisional e mentres continúe de baixa unha traballadora, os xoves pola mañá o centro abre, aínda que non para atención ao público.

O horario sinalado foi reducido no seu día pola dirección da asociación por considerar que non estaba en consonancia coa retribución que percibían.

Usuarios: características e datos

Se repite a constante dos PEF de que a procedencia maioritaria da solicitude de intervención se produce desde os xulgados (37 dos 40 expedientes recibidos).

Deses 37 expedientes recibidos desde os xulgados, 23 derivan de procedementos penais de xuízo rápido e 14 dun procedemento civil; tendo que sinalar que 28 expedientes procedían de ordes de afastamento xudiciais (23 referidas ao pai, 2 á nai e 3 aos dous).



Como nos demais PEF, a característica que sobresaí dos usuarios é a violencia de xénero pois máis da metade dos expedientes abertos ao longo do 2007 viñan cunha orde de afastamento,


tal e como veu sucedendo desde que entrou en vigor a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

Destacamos pola súa relevancia o feito de que unha gran parte dos casos se derivan pola existencia dun grave conflito entre os proxenitores, o que dificulta o cumprimento do réxime de visitas.

Segundo a Memoria 2007 de PEF Acheganza, ao longo dese ano atendéronse un total de 76 expedientes, dos cales 40 foron novas demandas recibidas (2 corresponden a expedientes reaperTURADOS; 34 foron expedientes de anos anteriores nos que se continuou a intervención); tendo rematado a intervención en 37 expedientes.

Desde a posta en marcha do servizo no ano 2001 o aumento de expedientes foi progresivo ata o 2007, en que se abriron 7 expedientes menos que no 2006. (2007: 40 e 2006: 47). Este descenso representa un 8,9% respecto ao ano 2006. Sen embargo, segundo a asociación Acheganza, en xuño do 2008 xa se recibiran 35 expedientes, co que entendían que se reiniciaría o aumento progresivo destes.

Desde 2001 a evolución na apertura anual de expedientes foi a seguinte:




Dos 40 expedientes abertos no 2007, 20 sono para visitas tuteladas e 19 para intercambios.


En 36 expedientes deses 40, foi o pai ou a familia paterna os que exerceron o dereito de visitas e en 3 a nai e nun expediente o réxime de visitas exerceo o pai e a nai por separado respecto ao fillo que convive con cada un deles.

Segundo datos da Memoria 2007, o número de menores atendidos, correspondentes aos 40 expedientes abertos nese ano, foi de 54.

Se o número de expedientes abertos descendeu o ano pasado con respecto ao anterior, non sucedeu o mesmo en canto ao número de intervencións, pois estas incrementáronse no 2007 un 18% respecto ao 2006.



Segundo como fonte a Memoria 2007, as intervencións do PEF agrupáronse da seguinte maneira: 674 visitas tuteladas, 1701 intercambios, 60 entrevistas iniciais, 173 asesoramentos, 336 mediacións-negociacións e 760 intervencións complementarias.



Problemas específicos detectados

Así mesmo damos por reproducidos os problemas sinalados respecto a escasas partidas orzamentarias, non boa situación laboral, redución horaria, ausencia de coordinación institucionalizada cos órganos xudiciais, forzas e corpos de seguridade, GOF, equipos técnicos e sistema de protección á muller, falta de seguridade e de supervisión do funcionamento cotián do recurso que se financia.

Sen prexuízo do anterior cómpre sinalar que existe unha boa relación non formalizada entre o servizo, a fiscalía e os xulgados derivantes, fundamentalmente co Xulgado de Violencia de Xénero co que se interrelacionan, o que lles permite o envío, de oficio e por fax, das resolucións xudiciais, evitando así burocratizacións na xestión do protocolo de derivación.

Temos que lamentar a case inexistente relación do PEF co GOF que se limita a enviar as resolucións xudiciais ao servizo e resolver as dúbidas xurídicas que lles poidan xurdir.

Segundo os responsables de “Acheganza”, as resolucións xudiciais cúmprenas nos seus termos, aínda que nalgunhas ocasións por cambio das circunstancias dos usuarios/as ou saturación do centro as fins de semana, se visen obrigados a modifica-

las respecto ao horario de visitas, previo acordo das partes e con comunicación ao xulgado que as ditou. Así mesmo, pola vía de feito víronse obrigados a facer as devanditas modificacións respecto ao tempo establecido para as visitas tuteladas por entender que o local non é adecuado para que os menores permanezan tanto tempo nel, previo acordo cos proxenitores e comunicación ao xulgado competente.

Por significativo queremos mencionar que o persoal do centro manifestounos que ao seu entender padece excesivas situacións de tensión por parte de non poucos usuarios/as que os ameazan e insultan e que non denunciaron estes reiterados feitos polo interese dos menores afectados do servizo e pola posibilidade de que iso xere aínda máis conflito.

“FONSECA”. A Coruña

O recurso especializado “Fonseca” foi creado no ano 2000 coa colaboración de pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude y o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, para dar resposta a unha necesidade social cada vez máis desacougante e veu sendo xestionado polo Centro Fonseca da Coruña pertencente á Compañía de Xesús. A devandita entidade asina cada ano un convenio anual de colaboración para o financiamento do servizo.

Encóntrase ubicado nun inmoible “Centro Fonseca”, propiedade da Compañía de Xesús, na ala esquerda do 4º piso, na céntrica rúa Fonseca n.º 8 da Coruña; próximo a un mercado con aparcadoiro.

O “Centro Fonseca” alberga tamén outros servizos da Compañía de Xesús.

O local que utiliza o PEF conta con fácil acceso para discapacitados e carros de bebés; é amplo, acolledor, luminoso e cálido, con adecuadas instalacións e mobiliario, así como boa implementación de xogos.

O piso dispón de 7 espazos que se distribúen en 1 despacho e sala de reunións, 6 salas de encontro, 2 baños, 1 sala pequena almacén /Office e 1 despacho de dirección. Todos perfectamente equipados.

A situación do PEF nun edificio dos xesuítas fai por unha parte que poida gozar das vantaxes que iso comporta (servizo de portería as 24 h., non problemas coa veciñanza...) e por outra que o local non teña as características de “casa normalizada”.

Ademais do mencionado podemos sinalar como os principais “puntos débiles” do PEF, o feito de que se encontre nun 4º piso; que non teña dúas portas de entrada non visibles; que o W.C. non está acondicionado para discapacitados; que non conte zonas de pasatempo ao aire libre nin con cristais antivandálicos.

Persoal e horario de atención ao público

O equipo co que conta está formado polos seguintes profesionais: un director e coordinador; unha psicóloga especializada en intervención familiar; unha psicopedagoga especializada en asesoramento e orientación familiar; unha avogada e un educador social.

Desde o pasado mes de xuño, o horario de atención é o mesmo que o do PEF “Aloumiño”, ao que nos remitimos. Como nese servizo, a dirección por problemas de saturación viuse obrigada a restrinxir o horario antes existente.

Usuarios: características e datos

En xeral non adoita existir unha soa tipoloxía de usuarios pola que acoden ao servizo pois adoita existir máis dunha; a máis frecuente é a existencia de conflitos no momento do intercambio, seguido do exercicio de dereito de visitas coa familia biolóxica, falta de contacto con tempo prolongado; habendo que destacar que desde a entrada en vigor da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.


Os usuarios adolescentes son os que presentan máis problemas e incidencias (negativismo, agresividade...), así como os pais que padecen algunha enfermidade mental.

Segundo a Memoria 2007 do PEF “Fonseca”, a maioría dos casos derivados proceden dos xulgados (no ano 2007, o 91% de 94 expedientes), como dicíamos. A entrada en vigor da Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero supuxo que os casos de violencia de xénero sexa a fonte principal de entrada de expedientes a través do Xulgado de Violencia de Xénero. Neste sentido o PEF constitúe un servizo imprescindible á hora de compatibilizar o réxime de visitas coa existencia dunha orde de protección.



Segundo a Memoria do 2007, o centro recibiu 94 expedientes, a maioría deles procedentes da cidade da Coruña, acudindo tamén ao centro usuarios de concellos dos arredores (Malpica, Carballo, Corcubión...), o que en ocasións dificulta o cumprimento do réxime de vistas, dada a distancia xeográfica e as dificultades persoais dos usuarios/as para desprazarse ata o centro.

As intervencións desenvolvidas no ano 2007 foron as seguintes: 5598 intercambios; 1126 visitas supervisadas; 1820 asesoramentos; 117 entrevistas iniciais; 1532 mediacións/negociacións 1003 e intervencións complementarias 1003.




Do cadro depréndese que os intercambios e as visitas son as intervencións máis habituais do PEF, incrementándose o núme-

ro de ambos con respecto ao ano anterior, así como tamén o incremento das intervencións en relación ao ano 2006.

No ano 2006 cerráronse 53 casos dos 143 atendidos.

Os motivos do cesamento foron os seguintes: cambio de residencia (5); abandono por parte do non custodio (8); oposición do proxenitor custodio á visita asociado á negativa do menor (4); evolución positiva (23); alta por orde xudicial (7); non chegaron acudir ao centro (6).



Problemas específicos detectados

Resaltamos a mellora que significou para o centro o incremento das partidas orzamentarias e o conseguinte aumento das retribucións dos traballadores; así como o adianto da sinatura anual do convenio de colaboración e do cobro de salarios.

Sen prexuízo do anterior temos que sinalar os seguintes problemas:

■ Saturación

O incremento progresivo de expedientes —en setembro do 2000 empezaron con 10 expedientes e en xuño deste ano en curso traballaba con 200 expedientes—, non foi correspondido proporcionalmente co aumento de recursos nin, de ser o caso, coa creación dun novo centro, tivo como consecuencia a sa-

turación e masificación do PEF, sobre todo as fins de semana, quedando por iso pequeno o espazo en momentos puntuais.

Como as alternativas citadas á masificación non se viron materializadas, os responsables do centro, co fin de favorecer a calidade e atención personalizada, igual que os do Centro Aloumiño (Vigo), víronse obrigados a implementar, a partir do pasado 1 de xuño, unha lista de espera para regular a entrada de novos casos.

Ante a negativa do GOF de xestionar a lista de espera, a xestión tivo que ser asumida polo PEF. A disputa sobre quen é o competente para asumir esa responsabilidade xestora provocou unha certa tensión entre GOF e PEF.

A outra cara da instauración dunha lista de espera é o detrimento dos dereitos dos/as menores a relacionarse cos seus proxenitores e familia máis achegada –e á recíproca– e o incumprimento das resolucións xudiciais nos seus propios termos, como xa fixemos mención na epígrafe dedicada ao PEF “Aloumiño” de Vigo. Sendo posible que se a lista de espera aumenta se produza unha diminución das resolucións xudiciais que derivan ao PEF o cumprimento do réxime de visitas.

A masificación fai que a intervención non se poida facer coa calidade e intensidade que se precisa e deteriora a excelencia no servizo. Tanto é así que resulta imposible facer intermediación cando comezan as vacacións escolares e durante os venres pola tarde, sábado e domingo; captar as condicións nas que o non custodio reintegra o seu fillo/a no centro; atender as consultas; enviar informes trimestrais ao xulgado sobre a evolución das visitas e en definitiva realizar os labores encomendados ao servizo. Todos estes problemas intensíffanse cando se efectúan visitas tuteladas e visitas supervisadas.

■ Consignación orzamentaria

Segundo a Memoria 2007 do Centro Fonseca “... presentáronse perante a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia documentos contables que xustifican a cantidade total de 80 941,80 euros. Esta suma corresponde aproximadamente, a un 50,52% do custo da prestación do servizo, tendo en conta que o uso das instalacións así como o 80% dos custos salariais do persoal de administración e servizos, son asumidos pola Compañía de Xesús no seu compromiso por dar resposta ás necesidades sociais en colaboración coas institucións públicas”.

“... á data desta memoria a Compañía de Xesús recibiu da Xunta de Galicia transferencias por un valor de 78 557,52 euros...”, cantidade total asignada no convenio.”

Coa cantidade consignada resulta inviable poder aboar as retribucións que establece o Convenio I Marco de Intervención e Acción Social.

■ Coordinación

A relación cos xulgados derivantes é en xeral boa e fluída, o que permite o envío por correo e fax, de oficio, das resolucións xudiciais. Esta importante tarefa de colaboración sen embargo non abrangue o envío dos datos de localización dos proxenitores, o que ocasiona atrasos á hora de poñer en marcha o cumprimento das resolucións xudiciais. Sen prexuízo do anterior ha de sinalarse que non existe un protocolo de actuación cos xulgados.

A relación e coordinación coas forzas e corpos de seguridade é deficiente; é posible melloralas mediante a sinatura dun protocolo así como tamén é mellorable que os funcionarios policiais teñan un maior coñecemento do centro e das súas funcións. Con todo iso facilitaríase unha intervención policial máis rápida e eficaz, que debería efectuarse cos seus signos distintivos camuflados.

Ao igual que establece a Memoria 2007 entendemos que “... sería importante continuar favorecendo a comunicación e vías de colaboración e axilización dos procesos coas distintas administracións involucradas, buscando un fomento na relación entre os diferentes entes para mellorar as prestacións dos servizos prestados...”.

“A CARÓN”. Ferrol

Descrición e características

O PEF é xestionado pola entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro “Asociación Punto de Encontro A Carón” que desde a súa creación vén subscribindo anualmente convenios de colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade.

O espazo de relación PEF “A Carón” abre as súas portas en Ferrol por primeira vez no ano 2000 na rúa Real, trasladándose para mellorar no 2002 á rúa Sol. Tamén, buscando mellores condicións materiais, no 2006 cambia de novo de local á rúa Deporte n.º 4-Baixo.

Trátase dun amplísimo baixo, propiedade da Xunta de Galicia, céntrico, próximo a un parque público e a un centro comercial, con acceso e cuarto de baño adaptado para discapitados. Consta de boas instalacións e mobiliario resultando acolledor e comfortable.

Persoal e horario


Componse do seguinte equipo: 2 psicólogos/as, 1 pedagoga-educadora (plan de cooperación) e 1 traballadora social.

Para adecuar o número de horas traballadas co montante do salario –a consignación orzamentaria no ano 2007 foi de 50 087,40 euros–, os responsables do centro reduciron o horario de atención de tal maneira que na actualidade o servizo permanece cerrado os luns e martes todo o día e os mércores pola mañá.

Usuarios: Características e datos

A tipoloxía das demandas é variada, podéndose presentar varias á vez. A maioritaria é a violencia de xénero, seguida polos conflitos no intercambio.


Segundo a Memoria 2007 de “A Carón”, nese ano recibíronse 41 expedientes ou demandas; a maior parte procedente dos xulgados (35), fundamentalmente dos xulgados de Ferrol e Betanzos.




Segundo responsables de “A Carón”, a progresión de expedientes/casos efectuouse do 2001 a 2002, estabilizándose despois do 2003 a 2007 cunha media de 40 expedientes. Este ano entenden que haberá un incremento de casos e que se vai superar esa media de 40, pois ao 19 de xuño deriváranse derivado 29 expedientes novos. De todas maneiras o número de derivacións garda relación directa coa situación dos xulgados, dos frecuentes cambios de titularidade destes que fai que os novos maxistrados descoñezan o PEF facendo baixar os casos derivados.

Os adultos que son atendidos no centro, son o cuádruplo dos menores. É habitual que sexa un só menor por familia o que acode a “A Carón”, mentres que ao redor dese menor adoitan estar os pais, as nais, familias extensas ou outras persoas que conviven co neno.

ADULTOS




MENORES ATENDIDOS




Intervencións


A principal intervención é o intercambio seguido das visitas.




Obsérvase na gráfica que houbo un maior número de intercambios que de visitas, excepto no mes de agosto. A razón desta excepción estriba en que o pasado ano coincidiu a quenda de vacacións do réxime de visitas no mes de xullo, polo que no mes de agosto diminuíron considerablemente os intercambios realizados, xa que os menores permanecían co proxenitor custodio.




Ao longo do 2007 realizáronse 705 visitas. A duración media das visitas foi de 2 horas.



Ao longo do 2007 fixéronse 2173 intercambios, sinalándose como pico o mes de setembro, con 240 intercambios. En xullo e agosto os intercambios baixaron nomeadamente porque tan só se acode ao centro ao comezo e ao fin das vacacións e nas fins de semana alternas.






Casos atendidos



Cada mes trabállase cun número de expedientes variables que non se corresponden co número de casos abertos, xa que algúns poden estar en seguimento temporal ou por ter vacacións os menores non acoden ao PEF ese mes ou non se realiza ningunha intervención con esa familia.

De igual modo pode abrirse un caso cando é derivado a “A Carón” e pasar un ou dous meses ata que comecen as intervencións con esa familia. Nalgún caso pode incluso cerrarse sen intervir nin unha soa vez, xa que os pais non acoden ou se acordan outras medidas xudiciais antes de empezar o traballo coas familias. Isto é máis frecuente que ocorra coas medidas civís derivadas de procedementos penais relacionados coa violencia de xénero.



Nos casos abertos este ano, seguen a ser maioritarios os pais que exercen o réxime de visitas e son excepciónais os casos nos que as nais teñen as visitas.

Problemas específicos detectados

É conveniente precisar que as relacións e coordinación cos xulgados son case inexistentes (desde hai 3 anos non se reúnen formalmente cos seus titulares), o que fai que as resolucións non teñan en conta os horarios do PEF e que estas non se lles envíen de oficio –sobre todo as modificacións e as novas resolucións–, o que resulta máis prexudicial cando se trata de ordes de afastamento e xuízos rápidos. Estas disfuncións fan que o servizo nalgunhas ocasións teña que buscar acordos cos usuarios/as para axustar o horario das visitas e dos intercambios ao horario do centro, comunicándollelos aos respectivos xulgados.

En canto ao horario as responsables do centro informáronnos que debería ser máis amplo, pero que era un problema de recursos materiais –por convenio do 2007 perciben a cantidade de 46 517,79 euros– e de coordinación para responder con máis rapidez e dun modo máis cálido ás demandas; producíndose os sábados de 17 h. a 18 h. unha certa saturación pero nada máis. Non hai lista de espera.

Han de sinalarse tamén os problemas que comportan as visitas tuteladas de proxenitores procedentes de prisión e que entran ao servizo esposados e escoltados por forzas de seguridade uniformadas. En xuño pasado había 2 visitas deste tipo; as boas relacións existentes entre o PEF e os corpos e forzas de seguridade que fai que coñezan o servizo e que acudan rapidamente a este cando son chamados.

A minoración na derivación dos casos (xulgado, GOF, PEF) fai en ocasións que dada a prontitude coa que debe comezar o cum-

primento das medidas civís, por falta de tempo non é posible realizar entrevistas previas cos usuarios.

Para concluír, entendemos que, salvo os problemas que mencionamos ao longo desta epígrafe, o PEF “A Carón” presta os seus servizos nun magnífico local ben adaptado aos seus fins; sendo en xeral posible realizar un traballo de calidade nel por permitirlo o número de intervencións e profesionais que as atenden.

“ENCONTRO”. Santiago de Compostela

Descrición: aspectos Xerais

O recurso especializado PEF “Encontro” está xestionado pola asociación que lle da nome e foi creado no ano 2000 e atópase situado nun local da rúa Galeras e máis tarde no 2002 noutro da rúa do Ouro n.º 3-baixo, onde permanece.

O local, alugado pola asociación está situado nunha zona privilexiada de Santiago de Compostela, próxima ao casco histórico, de fácil acceso e con aparcadoiros. Está rodeado dunha fermosa zona verde, cun parque para nenos/as, instalacións deportivas e amplas zonas de paseo.

Consta de 3 salas de visita; despacho; baño e cociña multiusos.

O local aseméllase a unha vivenda normalizada (“a casa dos xoquetes”) propiciando as súas instalacións, acondicionamento e mobiliario un ambiente acolledor e comfortable.

Como aspectos negativos sinalamos que o local é pequeno e que a estreitura do seu corredor distribuidor fai difícil circular nel cando hai moita xente, sobre todo os domingos; a pesar de ser un baixo, o acceso a este realízase a través de escaleiras non preparadas para discapacitados e carros de bebés; o W.C. tampouco está adaptado para discapacitados e os cristais non son antivandálicos.

Persoal e horario de atención


O equipo de profesionais está formado por 2 psicólogas con dedicación a tempo completo e outra psicóloga (plan de subvención da Consellería de Traballo).

O horario a partir do pasado 1 de abril é de 10 a 14 h. e de 16 a 21 h. os xoves, venres, sábados e domingos. Este horario foi reducido polos responsables de “Encontro”, pois entendían que


había que adaptar os horarios á consignación orzamentaria do convenio de colaboración asinado en febreiro do 2008.

Usuarios: características e datos

Segundo a Memoria 2007, a maioría dos casos son derivados desde os xulgados, seguidos polos derivados polo GOF no que se inclúen os que remite o Equipo de Menores e os que veñen pola súa propia iniciativa.




Segundo a Memoria 2007, o número de expedientes abertos ese ano foi de 32 e o número de casos atendidos ao longo dese ano foi de 98; aumentando ao longo dos anos –salvo 2006 e 2007– o número de expedientes atendidos como se pode comprobar na seguinte gráfica:



Destes novos expedientes hai que sinalar que o 46,87% dos casos proceden do Concello de Santiago e que o restante 53,13% están moi repartidos por municipios limítrofes a Santiago, sendo o de Teo (4 novos expedientes) de onde foron remitidos máis casos.


Como no resto dos PEF, a problemática é variada e ás veces mestúrase, destacando a tipoloxía da violencia de xénero e os conflitos no momento do intercambio.

Durante o ano 2007, segundo a Memoria 2007, o PEF prestou os seus servizos a 748 usuarios/as no que se inclúen 148 menores),



Do total de expedientes atendidos durante este ano, a nai ten a custodia no 72% dos casos e o pai o 15,50%, seguido dun 6,25% dos casos que se encontran en acollemento familiar e un 6,25% de menores en acollemento residencial.

A maior parte das intervencións corresponden a asesoramentos, seguidos de intervencións complementarias e intercambios.



Problemas específicos detectados

Destacamos que continúa a mesma problemática de cando se creou o centro no ano 2000 no tocante ás relacións cos órganos derivantes dos casos, e que debería valorarse a necesidade dun cambio de local por ser insuficiente o que se dispón. O pequeno tamaño do local dificulta as intervencións en determinadas horas das fins de semana e a confidencialidade e intimidade dos usuarios/as, pois as visitas tuteladas han de celebrarse nunha mesma sala. A este respecto ha de sinalarse que se pasou de atender 14 casos no 2001 (113 usuarios/as) a prestar atención a 70 casos no 2006 (611 usuarios/as), o que supón en cinco anos un aumento de cinco veces o número tanto de casos como de destinatarios; habéndose de ter en conta así mesmo as peculiaridades da atención das vítimas de violencia de xénero.